

TRABALLO DE HISTORIA ORAL

CARMEN FERNÁNDEZ PEÑA

Alba Franco Cal

Nome: Carmen Fernández Peña

Idade: 80 anos

Lugar de nacemento: Galdo – Lugo

Data de nacemento: 3.03.1927

Lugar de residencia actual: Galdo- Lugo

Relación: aboa

Na súa infancia

“Eu son filla de labregos; Pedro e María Antonia, cando eu era pequena iba algo a escola, que non era un edificio coma os de agora senón que era unha casa onde nos reuníamos uns cantos cativos e un mestre ensinábanos, alí apredín as catro regras : sumar, restar, multiplicar e dividir ademáis de a ler e escribir. Non podía ir todos os días, posto que tiña que axudar nas labores da casa; lindando as vacas, apañando patacas,....só iba cando chovía porque non podía axudar.

Tanto os meus pais coma min e os meus irmans que eramos cinco[todolos seus irmans xa morreron], ademais de coidar do ganado tiñamos que plantar, cultivábamos o necesario para comer, cando sobrava colleita levabámolo a praza de Lugo (en Viveiro) onde o vendíamos a cambio de diñeiro, o que gañábamos gastabámolo en pescado,carne,...

Daquela non se xogaba moito, porque non tiñamos xoguetes, as veces ,xuntabámonos varios nenos na praza maior da vila onde xogabamos a pilla ,o escondite,...

A roupa non era coma a de agora, facíanola a nosa nai que tamén sabía de costura, a roupa non se vendía en tendas senón que ou a sabías facer ou tiñas algun coñecido que cha vendese.”

Na súa adolescencia

“Vivín a postguerra, cando recolíamos a cosecha tiñamos que escondela porque o concello quitábanolo, unha vez meu pai meteu as fabas nun saco e escondeunas no pesebre dos bois, pero pillarono. Ameazaron con matalo pero o final só lle puxeron unha multa.

Había “escapados” que se agachaban no monte e cando os collían matabanos a tiros, se non estabas a favor de Franco tamen te mataban. As veces tiñamos que chamar o veciño obrigados para que ponderan entrar a cobrar as deudas que tiñan.

Escapanse para non facer a mili e non ir a guerra, un dos meus irmans morreo na guerra, outro irman que meu librouse de ir porque tivera un accidente e perdera mobilidade nun brazo temporalmente. A policía e a garda civil era mal, dabanlle paos a xente. Recordo que a miña avoa dáballe de comer aos escapados, porque eran xente do lugar, un día pilarona q ameazarona con matala se o volvía a facer, estivo un par de semanas sen darlles de comer, pero acabou indo e matarona dun tiro.

Unha vez viña meu tío en bicicleta veu que levaban a un montón de rapaces nun camión, pero a maioría dos nenos non sabían a onde ian. Ese día mataron ao cura e outros que tiñan unha taberna , os que pillarón na carretera leváronos para Lugo, ó carcere onde lles daban paos, e gracias que non os mataban. Recordo que a un veciño pillárono na ponte do barqueiro, estivera preso en lugoe meu sogro xa o tiña preparado para escondelo ,veu para casa e levarono a el e mais o zoqueiro no coche, na ponte do barqueiro cortaronlles as súas partes e despois aforcáronos.

Daquela non se celebraban festas, nin profesions de Semana Santa,... un veciño que se escapara e que era moi relixioso foi xunto o cura para pedirlle que seguise facendo as profesións que non tiñan dereito a quitarlles a fe, o cura fixolle caso e non pasou nada.

Cando fun máis maior fun aprender a casa dunha costureira porque a miña nai estaba enferma e non me podía aprender. Aprendin a coser e quedeime a traballar dende 1945 ata 1961.

O primeiro que aprendin foi a facer ollais, despois os calzoóns pero non me saian ben, as ombreiras para os vestidos e os vestidos de papel, que se tiñan que facer no papel e cortábanse e despois había que facelos con moito coidado para que saisen ben, pasabámolo moi ben no taller e moitas veces saíamos todas xuntas, iamos cara a veiga en vez de ir para o taller e faciamos castañas

Mais adiante fun a telar onde aprendin a facer colchas, sábanas e mandiles, que tecía alí.”

Unha vez casada

En 1961, con 35 anos, casei cin veciño, Eusebio, e fun vivir a súa casa, onde nos adicamos a agricultura e a vender na praza os produtos obtidos.

En 1962 morreron os meus sogros polo que a súa enorme casa partiuse en dous, unha para nos e a outra para a miña cuñada.

A casa é de pedra e ten dous escudos.



Eusebio, Carmen e as suas fillas

Tiven dúas fillas, Modesta e Mónica Catalina.



Monica e Modesta

En 1988 quedei viúva, porque o meu marido morreu de cancer de pulmón.

As miñas dúas fillas casaron, Modesta (tita) ten un fillo e Mónica ten dúas fillas.
De onde que se foron da casa vivo sola coa miña cuñada de veciña.